

## **NOTA DE PRENSA**

**A Asociación de Balnearios de Galicia organiza un ciclo de música clásica en colaboración coa Consellería de Cultura, que se celebrará nos centros termais de Laias, Lobios, Guitiriz, Mondariz e La Toja**

**Músicos e formacións galegas interpretarán obras de compositores clásicos, así como romances con textos de Rosalía de Castro**

---

*Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2013 (Vía Láctea Comunicación).*- A Asociación de Balnearios de Galicia organiza *Música nos Balnearios de Galicia*, un ciclo **patrocinado pola Consellería de Cultura e Educación** e composto por cinco concertos de música clásica, que se celebrarán os días 7, 14 e 21 de decembro nos centros pontevedreses de La Toja e Mondariz, nos centros ourensáns de Laias e Lobios e no lugúes de Guitiriz. Programáronse concertos que abranguen unha representación significativa dos instrumentos orquestrais, ademais de voz e piano.

En diferentes formacións, escoitarase dende música con raíces galegas ata arranxos dos propios músicos de obras máis coñecidas do repertorio clásico. Cómpre salientar que neste ciclo todos os músicos participantes son galegos, coma mostra da súa calidade e de apoio á difusión dos artistas galegos, segundo indican dende a organización. “Achegar a denominada música culta ao público que se hospeda nos centros como oferta complementaria, mais tamén abri-la aos melómanos das vilas termais e á sociedade en xeral constitúen o noso fin, como querendo lembrar a época dourada dos balnearios”, agregan.

## **PROGRAMA**

**Fernando Reyes e Mercedes Hernández**  
**7 de decembro\_20:30 horas**  
**Balneario de Guitiriz**

**Fernando Reyes** (tiorba e guitarra) e **Mercedes Hernández** (soprano).

Cantares Galegos. Rosalía de Castro, cantos e romances de Galicia  
Airiños, airiños aires (CF129 - Rosalía de Castro)  
Has de cantar (CF64 - Rosalía de Castro)  
Axudádeme a cantare (tradicional)  
Levame amor (Luis de Milán, s. XVI)  
Falai miña amor (Luis de Milán, s. XVI)  
Non che canto por cantare (tradicional)  
Campanas de Bastabales (CF146, CTB 185 - Rosalía de Castro)  
Adios ríos, adios fontes (CTB 357 - Rosalía de Castro)  
Folías gallegas (Santiago de Murcia, s. XVII)

Ábreme a portíña (canto de cego)  
Vente sentar ó meu lado (tradicional)  
Mais ó que ben quixo un día (Paxariños que voades, popular/Rosalía de Castro)  
Gaitas (Ruiz de Riballaz, s. XVII)  
Unha noite vindo do muíño (tradicional)  
Cantan os galos pra o día (CTB 113)  
Eu ben vin estar o moucho (CTB O demo cando rabea - Rosalía de Castro)

**Trío Donax**  
**7 de decembro de 2013\_20 horas**  
**Lobios Caldaria Hotel Balneario**

**Sonia Avilés e Guillermo Pérez** (óboes), **Alejandro Valcárcel** (fagote).  
Formación pouco habitual que achega ao público versións de obras de grandes compositores cun fío condutor que alternan os dúos e os tríos.

- |  |                 |
|--|-----------------|
| . Sonata nº1 en Fa Maior<br>(Adagio ma non troppo – Allegro) | J. D. Zelenka   |
| . Largo Factotum   | G. Rossini      |
| . Dúo sobre un tema da Frauta Máxica                         | W. A. Mozart    |
| . Trío sonata en Sol menor                                   | J. F. Fasch     |
| . Une voce poco fa   | G. Rossini      |
| . Tango  | Manuel Martínez |

**Quinteto de metais Obrassdoiro**  
**7 de decembro de 2013\_20 horas**  
**Laias Caldaria Hotel Balneario**

Fernando Rey e José Rodríguez (trompetas), Ana Lores (trompa), Guzmán Lloréns (trombón) e Manuel Martínez (tuba)

- |  |                            |
|--|----------------------------|
| . Canzona                              | G. Frescobaldi             |
| . Introduction and Postludium          | A. Dvorak                  |
| . Sea Sketches                         | I. MacDonald               |
| . Carmen                               | G. Bizet                   |
| . Variacións sobre un tema de Paganini | J. Barnes /arr.:J.R. Ramos |

Asociación de Balnearios de Galicia\_ [www.balneariosdegalicia.es](http://www.balneariosdegalicia.es)

PRENSA\_ 981 554 407 / 661 651 235 ..... [www.vialactea.es](http://www.vialactea.es)